

Por Resolución desta concellería delegada da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas do Concello de Ferrol, do día 20 de novembro de 2018, aprobouse a composición do Xurado do Premio de Investigación Ángeles Alvariño e do Xurado do Premio de Investigación González Llanos, quedando como de seguido se recolle:

## **XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN ÁNGELES ALVARIÑO**

**Presidente: O alcalde do Concello de Ferrol ou persoa na que delegue**

**Secretaria: Emilia Seoane Pérez, técnica de Educación do Concello de Ferrol**

**Tres investigadoras/es universitarias/os pertencentes ao ámbito de investigación que corresponde a cada premio, aos seguintes profesores/as e doutores/as universitarios/as, propostos pola Universidade da Coruña:**

**D. Julián Yáñez Sánchez**, Catedrático de Universidade. Departamento de Bioloxía Celular. Universidade da Coruña

**Dna. M<sup>a</sup> Elisa Beceiro González**, Profesora Titular de Universidade. Departamento de Química Analítica. Universidade da Coruña.

**Dna. Mónica Folgueira Otero**, Profesora Contratada Doutora. Departamento de Bioloxía Celular. Universidade da Coruña.

**Un/ha especialista de recoñecido prestixio no ámbito da investigación correspondente, para cada un dos premios, proposto polo Concello de Ferrol:**

**D. Alberto González -Garcés Santiso**, Investigador en Oceanografía biolóxica no Instituto Español de Oceanografía (IEO) desde 1972; director do Centro Oceanográfico de Vigo do IEO ata 2007; Responsable da Política Común de Pesca no Gabinete do Vicepresidente Manuel Marín da Comisión Europea, durante o seu mandato como Comisario Europeo de Pesca (1989-1993); Director Xerente do Centro Tecnolóxico do Mar (2007-2009); Ex- Presidente do Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca da Comisión Europea; Profesor de Mestrados de Economía e Xestión da Pesca nas Universidades de Vigo, Santiago de Compostela e Barcelona; Director de Internacionalización do Campus do Mar; Autor de máis de cen publicacións de carácter científico entre elas a titulada "Ángeles Alvariño González, investigadora marina de relevancia" no 2016.

## **XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN GONZÁLEZ LLANOS**

**Presidente: O alcalde do Concello de Ferrol ou persoa na que delegue**

**Secretaria: Emilia Seoane Pérez, técnica de Educación do Concello de Ferrol**

**Tres investigadoras/es universitarias/os pertencentes ao ámbito de investigación que corresponde a cada premio, aos seguintes profesores/as e doutores/as universitarios/as, propostos pola Universidade da Coruña:**

**D. Fernando Agrasar Quiroga**, Profesor Titular de Universidade. Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición. Director da Escola Técnica Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña.

**Dna. M<sup>a</sup> Amparo Casares Gallego**, Profesora Contratada Doutora. Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición. Subdirectora da Escola Técnica

Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña.

**Dna. Mari Luz Paz Agras**, Profesora Axudante Doutora. Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición. Universidade da Coruña.

**Un/ha especialista de recoñecido prestixio no ámbito da investigación correspondente, para cada un dos premios, proposto polo Concello de Ferrol:**

**D. Alfonso Díaz Revilla**, Arquitecto; Profesor Asociado de Urbanismo e Ordenación do Territorio da Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña e do Curso de Superior de Urbanismo da Escola Galega de Administración Pública (2006-2018); participante en diversas publicacións, congresos, seminarios e cursos como ponente; Premio Europeo de Urbanismo 1997/1998 da Comisión Europea e do Consejo Europeo de Urbanistas polo Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela; director e coautor do planeamento urbanístico municipal de máis de trinta concellos e de diversos documentos de planeamento de desenvolvemento, xestión urbanística e urbanización

Ferrol, 21 de novembro de 2018

Asdo.

Jesús Basterrechea López

Concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas do Concello de Ferrol